2020/XENSEC/000018

**Resolución aprobando a instrución sobre a tramitación da determinación da denominación das vías públicas ou modificación destas.**

Coa finalidade de unificar a tramitación da denominación das vías públicas ou o cambio de nome destas que se realicen no Concello de Pontevedra faise necesario ditar unha instrución que determine claramente que actuacións se deben levar a cabo e cales serán as unidades responsables das súas actuacións.

Considerando que a competencia para aprobación da instrución corresponde á Alcaldía e que esta foi delegada na concellería de goberno de Réxime Interior, Contratación e Promoción da cidade, por decreto de data 15.06.2019, e tendo en conta o anteriormente exposto,

Resolvo:

Aprobar a instrución sobre a tramitación da determinación da denominación das vías públicas ou modificación destas, que a continuación se transcribe:

Primeiro.- A determinación da denominación das vías públicas ou a modificación destas debe axustarse no ámbito do Concello de Pontevedra aos seguintes trámites sendo as unidades responsables as seguintes:

| Orde | Actuación/Trámite | Responsable | Consideracións |
|---|---|---|---|
| 1 | Proposta inicial de denominación da vía ou modificación desta | Sección de Servizos compartidos | 1. Só se pode tramitar o procedemento de modificación da vía a instancia ou co conforme da Concellería de réxime interior.<br>2.A proposta debe contar co conforme da Concellería responsable de réxime interior. |
| 2 | Informe do Servizo de normalización lingüística | Normalización lingüística | |
| 3 | Informe para delimitar por coordenadas as vías e demais aspectos xeométricos destas así como fixación desta dentro dos Distritos e Seccións. | Enxeñeiro topógrafo | Deberá incorporarse plano de situación de delimitación desta. |
| 4 | Proposta definitiva de denominación da vía ou modificación desta | Sección de Servizos compartidos | A vista dos informes, emitirase unha proposta definitiva |
| 5 | Análise da proposta e, en caso de que proceda, emisión de informe/proposta de denominación ou cambio desta | Secretaría da Administración Municipal | |
| 7 | Ditame da Comisión de Cultura | Secretaría da Comisión de Cultura | |
| 8 | Acordo de Pleno determinando o nome da vía pública | Secretaría Xeral de Pleno | |
| 9 | Procedemento para a alta da vía no INE e no Padrón de habitantes e emisión de notificacións e comunicacións a:<br>a. Enxeñeiro técnico topógrafo.<br>b. Tesourería e Xestión Tributaria.<br>c. Policía Local.<br>d. Correos.<br>e. Catastro.<br>f. Notificación aos habitantes afectados. | Sección de Servizos Compartidos | |
| 10 | Incorporación da denominación da vía pública ao Gis e a cartografía municipal. | Enxeñeiro técnico topógrafo | |
| 11 | Arquivo do expediente | Sección de Servizos Compartidos | |

Segundo.- Excepcionalmente, pode separarse do procedemento anterior aqueles supostos que determine a concellería de Réxime Interior sempre que na súa tramitación interveñan necesariamente a Secretaría da Administración Municipal, Normalización Lingüística, o Enxeñeiro técnico topógrafo e a Sección de Servizos Compartidos.

Terceiro.- Non se poderá tramitar nin realizar ningunha actuación tendente o cambio de denominación dunha vía pública ou modificación desta que non se axuste ao disposto nesta instrución.

Asi o manda e firma a Concelleira de goberno delegada da Área de Réxime Interior, Contratación e Promoción da Cidade, en Pontevedra á data da sinatura, do que da fe o Secretario da administración municipal.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 08/05/2020

Asinado por: ANABEL GULÍAS TORREIRO
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 08/05/2020
COD RESOL.2020001897
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:FGMEA85EI2S63SVB